



CONCELLO DE
SANTIAGO

CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA SELECTIVO DE OPOSICIÓN LIBRE, DE SETE PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUCTOR, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, CORRESPONDENTE ÁS OFERTAS DE EMPREGO 2016-2017.

ANUNCIO DE CONTESTACIÓN ÁS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS CONTRA AS CUALIFICACIÓN DO SEGUNDO EXAME (TOPONIMIA)

Ante a presentación de alegacións contra o anuncio de cualificación do segundo exame (toponimia) da convocatoria arriba sinalada, o tribunal cualificador do proceso selectivo adoptou por unanimidade as seguintes decisións:

"Presentan alegacións contra o anuncio de cualificación do segundo exercicio, test de coñecementos do tema 1 da parte específica do temario (toponimia) os opositores:

JOSE DANIEL LISTE RE CAREY – Reclama en relación ás preguntas 17, 21, 22 e 37.

OSCAR RODRÍGUEZ ORTIZ – Reclama en relación ás preguntas 15, 17, 21, 22 e 37.

MANUEL NODAR JIMENEZ – Reclama en relacións ás preguntas 22 e 37.

BRAIS MAYO GIRAUT – Reclama en relacións ás preguntas 22 e 37.

ALBERTO CARBALLO CAMINO – Reclama en relacións ás preguntas 17, 21, 22 e 37.

IAGO DANS SÁNCHEZ – Reclama en relacións ás preguntas 17, 21, 22 e 37.

ALEJANDRO MOLEDO FILGUEIRA – Reclama en relación á pregunta 4.

IÑAKI VÁZQUEZ ESPERANTE – Reclama en relacións ás preguntas 17 e 37.

Reunido o tribunal adopta as seguintes decisións sobre as reclamacións presentadas:

PRIMEIRO.-

As preguntas reclamadas son as seguintes: 4, 15, 17, 21, 22 e 37.

O tribunal acorda **estimar a alegación relativa á pregunta 37 e rexeitar as alegacións relativas ás preguntas 4, 15, 17, 21 e 22.**

Primeiro.- A pregunta 37 di:

"37. A Rúa Miradoiro está en:

a. Quistiláns

b. Aldea Nova

c. Fraíz

d. A Tarroeira"



CONCELLO DE
SANTIAGO

Os interesados alegan que a rúa do Miradoiro situada en Aldea Nova non pertence ao Concello de Santiago de Compostela. A alegación é estimada polo que se ANULA a pregunta 37 quedando substituída pola pregunta de reserva 41.

Motivación: A rúa Miradoiro en Aldea Nova, segundo as fontes de xeolocalización, sitúase na parroquia de Ortoño pertencente ao Concello de Ames, quedando polo tanto fora do ámbito territorial de Santiago de Compostela, polo que esta alegación resulta estimada.

Segundo.- A pregunta 4 di:

“14. A entrada principal ao Convento de Santa Clara está en:

- a. Rúa de San Roque*
- b. Rúa de Sar*
- c. Rúa de Santa Clara*
- d. Costa de San Domingos”*

O interesado alega que a pregunta está mal corrixida, xa que o tribunal dá por correcta a resposta a) e o opositor considera que a resposta correcta debería ser a opción c). A alegación é rexeitada.

Motivación: Segundo as bases de datos públicas dispoñibles na Dirección xeral do Catastro, a entrada principal ao Convento de Santa Clara sitúase na rúa de San Roque, nº 26.

De feito, o propio interesado manifesta que a entrada principal está na rúa de San Roque pero incorre no erro de identificar dita rúa como a opción c), cando no exáme figura como opción a) rúa de San Roque e como opción c) rúa de Santa Clara.

Terceiro.- A pregunta 15 di:

“15. Se recibísemos o aviso por un incendio no lugar de Pai da Cana, teríámonos que desprazar á parroquia de:

- a. Laraño*
- b. Verdía*
- c. Carballal*
- d. Conxo”*

O interesado alegar que non existe lugar de Pai da Cana, que o que sí existe é rúa da Pai da Cana. A alegación é rexeitada.

Motivación: A toponimia das provincias, parroquias, concellos e lugares de Galicia, de acordo cos ditames da Comisión de Toponimia e coas normas ditadas pola Xunta de Galicia, pode consultarse a través do servizo de consulta do Nomenclátor de Galicia mediante unha busca guiada ou unha busca directa.

No Nomenclátor figuran os nomes oficiais das entidades de poboación. Para a recollida, normativización e dixitalización de toda a microtoponimia de Galicia iniciouse o Proxecto



CONCELLO DE
SANTIAGO

Toponimia de Galicia (PTG), que no seu buscador ofrece resultados parciais sobre os nomes de entidades humanas, terras, augas, vías e accidentes xeográficos.

Realizada a correspondente consulta, esta ferramenta localiza os seguintes lugares na parroquia de Conxo (Santa María):

- Conxo de Abaixo
- Conxo de Arriba
- Curuxeira, A
- Fervenza, A
- Monte do Seixo, O
- Nogueira, A
- Pai da Cana
- Ponte da Rocha, A
- Ponte Pereda, A
- Porto, O
- Poza Real, A
- Rial, O
- Rocha Vella, A
- Torrente
- Volta do Castro, A

O lugar de Pai da Cana figura recollido como lugar da parroquia de Conxo, polo que cómpre desestimar a alegación formulada.

Cuarto. - A pregunta 17 di:

“17. O acceso principal ao Museo do Pobo Galego atópase na:

- a. Rúa do Medio*
- b. **Rúa San Domingos de Bonaval***
- c. Rúa de San Pedro*
- d. Rúa das Rodas”*

Os interesados alegan que a rúa San Domingos de Bonaval non aparece no rúeiro oficial de Santiago de Compostela e que a entrada principal do Museo está situada no Campo de San Domingos de Bonaval ou no se defecto na Costa de San Domingos de Bonaval. A alegación é rexeitada.

Motivación: O Tema 1 das BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN DAS PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUTOR DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS indica que este ten o seguinte contido: Coñecemento do municipio: termo municipal, poboación, centro urbano, barrios, parroquias, rural, principais eixos viarios e edificios singulares (edificios históricos de interese cultural, hospitais, universidades, edificios de gran altura, etc). Principais áreas industriais e comerciais. Rede de estradas e rede ferroviaria. Aeroportos. Ríos e encoros. Principais



CONCELLO DE
SANTIAGO

accidentes xeográficos. Principais rutas a seguir desde o Parque de bombeiros até calquera punto do municipio.

Por tanto, non remite a ningún tipo base de datos ou listaxe oficial para a obtención dos nomes das rúas.

A finalidade deste tema é amosar que os opositores poden dar unha resposta rápida e axeitada ante unha emerxencia que poida xurdir. A persoa que realiza a chamada utiliza a información que posúe; descoñecendo na meirande parte dos casos o nome oficial das rúas.

O dicionario da Real Academia Galega recolle o seguinte significado para o termo RÚA:

Rúa.

1 Camiño dentro dunha poboación, rodeado por casas, árbores etc.

2 Camiño nun xardín, bosque, horta etc., bordeado por plantas, árbores, columnas etc.

3 Fóra, sen estar a cuberto.

Por tanto, calquera camiño dentro dunha poboación ten a consideración xenérica de rúa (con independencia de que esta sexa unha costa, un paso, unha quenlla...).

As respostas a), c) e d) (Rúa do Medio, Rúa de San Pedro e Rúa de Rodas) non están en contacto co Museo do Pobo Galego; polo que estarían descartas como respostas correctas.

O propio Museo do Pobo Galego emprega a seguinte información:

ONDE ESTAMOS

C/ San Domingos de Bonaval,
15703, Santiago de Compostela.
tel. 981-583620 / fax 981-554840
email: info@museodopobo.gal

A información que figura nas solucións aportadas non desvirtúa/impide a resolución da cuestión, polo que cómpre desestimar a alegación e manter como resposta correcta a indicada polo tribunal.

Quinto.- A pregunta 21 di:

“21. Ante unha chamada para unha intervención por limpeza de calzada diante da Porta do Camiño, ¿cal destas rutas resultaría correcta?:

a. Rodríguez de Viguri/N-550; os Concheiros; San Pedro

b. Rodríguez de Viguri/N-550; os Concheiros; as Angustia; Campo da Angustia; o Rosario; Bonaval; Costa de Santo Domingo; Ramón del Valle Inclán; San Roque; as Rodas

c. Rodríguez de Viguri/N-550; os Concheiros; a Angustia; o Home Santo; o Rosario; Bonaval; Costa de Santo Domingo; Ramón del Valle Inclán; San Roque



CONCELLO DE
SANTIAGO

d. Av. de Lugo /N-550; os Concheiros; a Angustia; o Home Santo; o Rosario; Bonaval; Costa de Santo Domingo; Ramón del Valle Inclán; San Roque”

Os interesados alegan que a N-550 non pasa por Avda. Rodríguez de Viguri e que en lugar de Rotonda de Os Concheiros debería poñer Avda. de Lugo. A alegación é rexeitada.

Motivación: A finalidade deste exame é amosar que os opositores poden dar unha resposta rápida e axeitada ante unha emerxencia que poida xurdir. Non se está a preguntar polo percorrido completo e detallado; a pregunta é cal dos percorridos é correcto.

O primeiro apartado de tódalas respostas establece a posibilidade de acudir por la Avenida Rodríguez de Viguri/Avenida de Lugo ou pola N-550. Se ben é certo que non é preciso empregar a N-550, as respostas (todas) establecen a posibilidade de empregar unha ou outra vía. Esta opción figura en tódalas respostas aportadas polo tribunal, polo que non cabe alegar que induce a erro para atopar a solución axeitada.

O alegante indica que o Xeoportal do Concello recolle que a glorieta chamada dos Concheiros se corresponde coa Avenida de Lugo, pero este dato non se corresponde coa información que se pode consultar na cartografía oficial da Oficina Virtual do Catastro; na que as vías permanecen individualizadas (como no caso dun cruce).

Corresponde ao Concello determinar o nome das vías urbanas, figurando nos datos aportados polo propio alegante o nome actual (Costa de San Domingos) e o antigo (Costa de Santo Domingo). Non ter empregado a forma oficial, non desvirtúa/imposibilita a identificación da propia rúa; máis aínda cando a designación aportada polo tribunal coincide con una designación anterior e que aínda se atopa en uso (forma en lingua castelá).

Cómpre subliñar que non se pide o percorrido pormenorizado, solicitando unicamente cal é percorrido axeitado das opcións aportadas; polo que carece de sentido as queixas sobre a falta dalgún elemento puntual ou anecdótico, xa que non imposibilita determinar o percorrido ata o lugar indicado.

A información que figura nas solucións aportadas non desvirtúa/impide a resolución da cuestión, polo que cabe desestimar a alegación e manter como resposta correcta a aportada polo tribunal.

Sexto. - A pregunta 22 dí:

“22. Ante un aviso por alarma de incendio na Facultade de Odontoloxía de la USC, ¿cal destas rutas resultaría correcta?:

a. Rodríguez de Viguri/N-550; Praza de España; Avenida de San Caetano; Avenida de Xoan XXIII; Costa de San Francisco; Entrerriós.

b. Rodríguez de Viguri/N-550; Praza de España; Avenida de San Caetano; Avenida de Xoan XXIII; Avenida do Burgo das Nacións; Avenida de Castelao; Vista Alegre; as Salvadas; Morón; as Galeras; Domingo García-Sabell; Entrerriós



CONCELLO DE
SANTIAGO

c. Rodríguez de Viguri/N-550; Praza de España; Avenida de San Caetano; Avenida de Xoan XXIII; Avenida do Burgo das Nacións

d. Rodríguez de Viguri/N-550; Praza de España; Avenida de San Caetano; Avenida de Xoan XXIII; Avenida de Castelao; Avenida do Burgo das Nacións”

Os interesados alegan que a N-550 non pasa por Avda. Rodríguez de Viguri, que a denominación Avda de San Caetano non é correcta e que faltan por figurar Praza da Paz e rúa Campiño de San Francisco. A alegación é rexeitada.

Motivación: O Tribunal achegou 4 percorridos posibles, figurando como opción correcta a letra A. En primeiro lugar, a glorieta da Paraza de España é de titularidade estatal e corresponde coa N-550, segundo o plano de Información Urbanística sobre o estado e titularidade da rede de estradas e camiños municipais do PXOM; polo que o percorrido pasaría pola citada estrada.

A denominación de San Caetano como Avenida figura nos sinais da propia rúa e en cartografía oficial (por exemplo na que se pode consultar na Oficina Virtual do Catastro).

Con respecto á Praza da Paz (non estaría incluída no percorrido segundo a Oficina Virtual do Catastro) e o Campiño de San Francisco formarían parte deste percorrido, segundo o Xeoportall do Concello, tendo unha lonxitude testemuñal.

A finalidade deste tema é amosar que os opositores poden dar unha resposta rápida e axeitada ante unha emerxencia que poida xurdir. Non se está a preguntar polo percorrido completo e detallado; a pregunta é cal dos percorridos é correcto.

As restantes opcións achegadas supoñen maiores percorridos, realizar xiros prohibidos, non chegan a destino...


A información que figura nas solucións aportadas non desvirtúa/impide a resolución da cuestión, polo que cómpre desestimar a alegación e manter como resposta correcta a indicada polo tribunal.

SEGUNDO.-

Anulada a pregunta 37 resulta preciso acudir á pregunta de reserva 41, polo que se procede a unha nova corrección dos exames, obténdose as seguintes **calificacións que xa teñen a consideración de definitivas:**

...

	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN
1	ALONSO LÓPEZ, ALEJANDRO	2,2
2	BEIRAS BECERRA, ALEJANDRO	3,4
3	CARBALLO CAMIÑO, ALBERTO	2,95



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

4	CASTELAO TURNES, SAMUEL	2,55
5	CIVEIRA DOBARRO, AGUSTÍN	3,25
6	DANS SÁNCHEZ, IAGO	3
7	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, XANDRÉ	3
8	FERRO LEA, DAVID	2,5
9	GONZÁLEZ NOYA, CLODIO	3,7
10	GRANDÍO MONTES, PAULO	3,05
11	IGLESIAS GARCÍA, IVÁN	2,55
12	IGLESIAS GONDAR, FRANCISCO JESÚS	2,6
13	JIMÉNEZ PANDO, ALEJANDRO	3
14	LISTE RECAREY, JOSÉ DANIEL	2,8
15	LLOVES PRIETO, CARLOS	2,6
16	LÓPEZ SERNA, CÉSAR	2,65
17	LOUREIRO ARES, JORGE	3,35
18	MAYO GIRAUT, BRAIS	3,7
19	MOLEDO FILGUEIRA, ALEJANDRO	2,1
20	MORÍN JIMÉNEZ, ANTONIO	2,4
21	NODAR JIMÉNEZ, MANUEL	3,5
22	NOYA PENA, GUSTAVO	3,2
23	OUTEIRO LOUREIRO, PAULO MANUEL	2
24	PAZ PAZ, JAVIER	3,55
25	PIÑEIRO NEIRO, PABLO	3,1
26	PIÑÓN LÓPEZ, JAVIER	2,95
27	PRIETO RIVAS, JAVIER	2
28	RODRÍGUEZ ORTIZ, OSCAR	2,9
29	RODRÍGUEZ REY, JOSE	3,75
30	SEIJAS VIDAL, FAUSTO	3,25
31	SUAREZ GRELA, JAVIER	2,4
32	TAIBO CASTRO, MARIO	3,05
33	VÁZQUEZ ESPERANTE, IÑAKI	2,95
34	VÁZQUEZ SANTOS, JESÚS ASIER	3,05



CONCELLO DE
SANTIAGO

Foron cualificados como **non aprobados** todos os aspirantes que tendo realizado esta proba non figuran na precedente relación.”

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso de alzada ante o/a Concelleiro/a delegado/a de economía, facenda a administración deste Concello no prazo de un mes a contar desde o día seguinte á presente publicación. Comunícase que o prazo de resolución é de tres meses; transcorrido dito prazo sen que recaia resolución poderá entenderse desestimado por silencio. Contra a resolución do recurso de alzada non poderá interpoñerse ningún outro recurso administrativo, salvo o de revisión; todo elo de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da *Lei 39/2015*, de 1 de outubro, da *Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019
A SECRETARIA DO TRIBUNAL

Asdo.: María del Puerto Fontán Rodríguez

